

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE AGOSTO DE 2021

Ás 09:00 horas do día 13 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 9 de agosto de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 10 de agosto de 2021 a xefa do Servizo de Festas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "*non se pode por tanto, chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:06	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44B-5BDC8B-4C4CDC-T75HQE-2K5MU6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación a exclusión deste procedemento de EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 10 de agosto de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2021 pola xefa do Servizo de Festas.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas 2021" na praza de Compostela (8.804-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	100 puntos

Terceiro.- Requiren ao licitador clasificado en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:06	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44B-5BDC8B-4C4CDC-T75HQE-2K5MU6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 09:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

